




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE  
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Rúa Xesús Pousa Nº 14  
32001 Ourense  
Tfno: 988783090  
[ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es](mailto:ceip.aponte.ourense@edu.xunta.es)  
[www.edu.xunta.es/centros/ceipaponteourense/](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipaponteourense/)



# PLAN DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19 DO COMEDOR ESCOLAR

(VERSIÓN 12 DE XULLO DE 2021)



Curso 2021-2022

**CEIP A PONTE - OURENSE**



## MEDIDAS DE ADAPTACIÓN Á SITUACIÓN COVID-19

Para poder cumprir as “Medidas de protección e seguridade: protocolo Covid-19” establecidas no punto 1.3 da Instrucción 3/2021 da Secretaría Xeral Técnica sobre o funcionamento de comedores escolares de xestión indirecta, e os criterios do protocolo publicado pola Consellería na versión do 6 de xullo de 2021, e facer posible que todos os solicitantes admitidos nas listas provisionais puidesen ser atendidos, o comedor escolar organizouse do seguinte xeito:

QUENDA	HORA de comida	LUGAR	CURSOS	HORA de saída
• PRIMEIRA QUENDA	1:30 a 2:15h	Comedor	Educación Infantil	14:30h
• SEGUNDA QUENDA	2 a 2:45h	Salón de Actos	4º, 5º e 6º de Primaria	15:00h
• TERCEIRA QUENDA	2:30 a 3:15h	Comedor	1º, 2º e 3º de Primaria	15:30h

Coa finalidade de asegurar o servizo de comedor, sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita e en base as indicacións das autoridades sanitarias, tomamos as seguintes **MEDIDAS**:

- Repartir o servizo en **TRES QUENDAS** para permitir o acceso de todos os solicitantes que foron admitidos no mes de xullo 2021.
- Para poder incluír a todos os solicitantes do servizo nestas tres quendas, coa mesma rateo de cuidadores e o mesmo tempo de prestación do servizo (dúas horas), faise preciso manter as seguintes

### **MODIFICACIÓNS:**

1. Flexibilizar a última sesión do horario lectivo en Educación Infantil para poder iniciar o servizo ás 13:30h.
2. Reestructurar o horario de prestación do servizo, pasando a ser de 13:30 a 15:30h, en función do persoal dispoñible para atender aos comensais que a Consellería establece en función da rateo vixente en cada quenda e das horas de servizo do persoal contratadas pola empresa que presta o servizo.
3. Establecer a recollida do alumnado ao finalizar a súa quenda de comida para poder garantir a atención por grupos de convivencia estables e a súa estanqueidade. Deste xeito, só será posible atender casos excepcionais que xustifiquen documentalmente a incompatibilidade horaria coa hora de recollida.
4. Limpar e desinfectar as mesas e cadeiras do recinto do comedor entre a primeira e a terceira quenda ubicadas no mesmo espazo a distintas horas.
5. Habilitar o salón de actos para a prestación da segunda quenda de servizo empregando o mobiliario non específico do que dispón o centro.



6. Organizar o comedor según os grupos estables de convivencia de infantil e de primaria para poder comer agrupados sen respectar a distancia de 1,5 metros entre eles:
  - a. En Primaria estarán agrupados por aulas.
  - b. En Infantil estarán agrupados por aulas e por subgrupos dentro de cada aula.
7. Separar cada grupo de convivencia estable a 1,5 metros uns de outros, *medidos de centro a centro das cadeiras*.
8. Asignar postos fixos durante todo o ano como medida de prevención e para facilitar a localización dos contactos en caso de gromos:
  - a. O Equipo Covid do centro disporá dun plano de situación no que constarán os postos fixos asignados a cada alumno/a para garantir o control e seguimento epidemiolóxico.
  - b. Levarase control diario da asistencia do alumnado ao comedor co mesmo fin.
9. Organizar a atención, entradas e saídas en función de garantir a estanqueidade entre os grupos de convivencia estables:
  - a. O persoal coidador estará asignado a grupos de convivencia fixos aos que atenderá en todo o proceso dende a súa recollida ata a súa entrega.
  - b. Os grupos accederán escalonadamente según saen das aulas.
  - c. Cada grupo de infantil, 1º e 2º de primaria será recollido individualmente pola súa monitora correspondente.
  - d. Cada grupo será entregado individualmente á saída pola súa monitora correspondente.
10. Valorarase, en último término, a colocación de mamparas, porque:
  - a. O alumnado enfrentado cumpre a distancia de seguridade.
  - b. O alumnado acaroado que non a cumpre non queda eficazmente separado pola mampara.

## MEDIDAS DE PREVENCIÓN E PROTECCIÓN:

### A. O PERSOAL DE COMEDOR:

1. Seralle de aplicación todo o previsto **CON CARÁCTER XERAL** para o persoal do centro e adquirirá os mesmos compromisos:
  - Realizará a AUTOENQUISA DIARIA DE SÍNTOMAS ANTES DE ASISTIR AO CENTRO (Anexo I: AUTOENQUISA CLÍNICA):
    - Ante a aparición de sintomatoloxía compatible coa COVID (polo menos unha das relacionadas no anexo I) non acudirán ao centro e inmediatamente darán coñecemento á coordinadora COVID (directora).



- Como criterio xeral, manterase en illamento preventivo domiciliario, poñéndose en contacto co seu centro de saúde ou de ser o caso cos facultativos da mutua. Serán estes facultativos os que valorarán a sintomatoloxía e prescribirán a realización dun test diagnóstico ou proba PCR en 24 horas, se así o consideran manténdose o illamento ata coñecer o resultado da proba.
- Avisará á encargada do comedor e a coordinadora Covid do centro.
- Usará a MÁSCARA en todo momento e de xeito correcto (será informado do xeito de poñela e quitala e do protocolo de substitución e lavado).
- *O uso de luvas non é recomendable de forma xeral, pero si nas tarefas de limpeza.*
- Manterá unha distancia interpersonal, con carácter xeral, de polo menos 1,5 metros nas interaccións co alumnado e co resto do persoal (coa salvedade da interacción imprescindible para prestar o servizo).
- Deberán planificarse as tarefas e procesos de traballo de tal forma que se garanta a distancia de seguridade, tendo en conta a situación do resto do persoal, a organización da circulación de persoas e a distribución de espazos.
- Utilizarase sempre a porta do comedor polo ximnasio e a porta principal do salón de actos como portas de entrada e a porta exterior do comedor e a porta de emerxencias do salón de actos como portas de saída.
- De non ser posible garantir a distancia, poderá utilizar pantallas faciais que facilitará o centro.
- Evitará tocar os ollos, o nariz e a boca.
- Realizará unha correcta hixiene respiratoria.
- Realizará unha correcta hixiene de mans: lavado frecuente, e meticuloso das mans con auga e xabón, durante polo menos 40 segundos, ou con xel hidroalcohólico, durante polo menos 20 segundos, no seu defecto. O lavado realizarase cando menos na entrada e saída ao centro, cada vez que se entre e se saia do recinto do comedor, en cada cambio de actividade relacionada co servizo, antes e despois de ir ao baño, de selo caso e cada vez que se use material compartido.
- Non intervirá en grupos aos que non pertence, salvo necesidade perentoria.
- Explicará, repasará e insistirá ao alumnado nas medidas de prevención e protección canto sexa necesario para a súa comprensión e hábito.
- Dará exemplo en todo momento de cumprimento das medidas (distancia social, hixiene respiratoria, hixiene de mans, uso da máscara e estanqueidade de grupos)
- Fará un uso responsable do material Covid, avisará con antelación da súa necesidade e colaborará no uso responsable por parte do alumnado.



- Manterá a confidencialidade sobre os datos que atinxen á saúde dos usuarios, salvo aviso de corentena por parte da autoridade sanitaria.
  - No caso de detección de síntomas compatibles coa Covid-19 nun usuario durante o servizo de comedor, informará á dirección do centro e contactará coa súa familia que deberá presentarse no servizo o antes posible.
  - Illarase ao menor no espazo destinado polo centro para tal fin.
2. Cumplirá coas **MEDIDAS ESPECÍFICAS** para o comedor escolar:
- Asegurará a estanqueidade entre os grupos de convivencia estable (usuarios da mesma aula) mantendo en toda ocasión a distancia de seguridade entre eles.
  - Os menús serán empratados na zona de servizo establecida á maior distancia posible entre os grupos e servidos na mesa pola monitora do grupo.
  - Os pratos serán individuais e non poderán ser compartidos entre o alumno.
  - A auga poderá servirse nunha soa xarra, pero deberá servila sempre unha mesma persoa.
  - Non se poñerán na mesa utensilios de uso común, como aceiteiras e vingarais, cestos de pan para a mesa, fruteiros, etc...
  - Velará en todo momento polo mantemento do distanciamento entre grupos: entrada, saída, desprazamentos, lavado de mans, tempo de espera da terceira quenda...
  - *Ventilará o comedor con ventilación cruzada un mínimo de 15 minutos antes e 15 minutos despois de cada quenda.*
  - *As portas permanecerán abertas.*
  - *Se as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha mínima ventilación cruzada durante todo o servizo.*
3. Nos **PROTOCOLOS DE HIXIENE E LIMPEZA** seguirase o previsto con carácter xeral para os establecementos de hostalaría e restauración: [https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/1/7/0\\_304096095daf751/20170\\_d54a8d1bf8865a7.pdf](https://www.turismo.gal/osdam/filestore/2/0/1/7/0_304096095daf751/20170_d54a8d1bf8865a7.pdf)
- A saber:
- Asegurar a reposición do xel hidroalcohólico á entrada e saída do comedor, e de xabón, papel e toallas desbotables nos baños.
  - Baleirar con seguridade as papeleiras con tapa e pedal substituíndo a bolsa de ser necesario cando estén cheas.
  - Dispoñer de produtos para a limpeza e desinfección (deterxente habitual, lixivia ou outros produtos autorizados polo Ministerio de Sanidade).
  - Solicitar da empresa o material suficiente para a hixiene, limpeza e desinfección.
  - Limpar e desinfectar o local e as superficies que se tocan con máis frecuen-



cia (mesados, tiradores de portas, aseos, etc.).

- Utilizar produtos recomendados e autorizados polas autoridades sanitarias e en condicións de seguridade segundo as indicacións do fabricante.
- Manter hixienizadas en todo momento as baetas e estropallos e cambialas periódicamente.
- Evitar o uso de trapos utilizando en todo caso papel dun só uso ou baetas desbotables. O rolo de papel dun só uso estará colocado no porta-rolos.
- Identificar os útiles de limpeza e illalos para garantir que non se produza contaminación cruzada.
- Garantir que o proceso de desinfección da vaixela e cubertos é realizado a temperaturas superiores a 60 °C (lavalouzas).
- Limpar as papeleiras polo menos unha vez ao día.
- Reforzar as medidas de limpeza e desinfección dos aseos, garantindo, sempre, o estado de salubridade e hixiene destes.
- Utilizar o uniforme só durante a xornada laboral e lavallo a >60 °C.
- Lavar e desinfectar todo o enxoval, electrodomésticos e utensilios que se utilicen no proceso de servizo dos menús.

#### **B. O ALUMNADO:**

1. Será obrigatorio o uso de máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación, incluíndo o tempo de agarda ata o inicio do servizo e o período entre os distintos pratos.
2. Será obriga do alumnado levar, como mínimo, unha segunda máscara de recambio, así como un estoxo baleiro para gardala no momento de comer.
3. O alumnado só poderá falar nos momentos nos que esté coa máscara posta e non cando a quite para comer. Explicaránse as razóns desta medida para contar coa súa comprensión e colaboración.
4. Antes de acceder ao comedor, o alumnado, mantendo o grupo de convivencia estable, deberá ir ao baño para realizar a hixiene de mans. O aforo máximo do vestuario para este menester será de dous nenos/as pertencentes ao mesmo grupo de convivencia estable e ocupando cada un deles o lavamáns de cada extremo.
5. Mentras, o resto do grupo deberá esperar ao longo da parede do ximnasio, gardando a distancia de seguridade.
6. Abriranse as dúas portas do ximnasio neste momento.
7. Colocará as súas pertenzas na súa cadeira e non empregará os percheiros e vestuarios para tal fin.
8. O alumnado de 5º e 6º de Primaria colocará o seu portátil na bandexa da mesa correspondente ao seu asento, e collerao no momento de levantarse para saír ordeadamente e marchar.
9. O centro manterá a dotación de xabón e papel para secar as mans nos aseos, así como dispensadores de xel hidroalcohólico á entrada e a saída do comedor e do salón de actos.
10. O aforo máximo no baño, de nenas, de nenos ou o de dentro do comedor, será dunha persoa
11. Queda eliminada a opción de cepillado dos dentes voluntario, que deberá adiarse á



chegada ao fogar.

12. Cando remate a comida, o alumnado sairá por orden segundo están sentados nas cadeiras e según á proximidade á porta de saída, para evitar cruzamentos, saíndo antes o grupo máis próximo á porta, acompañado da súa monitora, hixienizará as mans co xel hidroalcohólico da saída e gardando a distancia de seguridade, fará fila para ser entregado na porta exterior.

13. O seguinte grupo estará preparado para saír e así sucesivamente.

### MEDIDAS PARA REGULAR Á SAÍDA:

Poderá variar en función do número de alumnos entregados en cada grupo-aula.

SAÍDA DO COMEDOR			
QUENDA	ORDEN DE SAÍDA	HORA DE SAÍDA	LUGAR
1ª QUENDA (INFANTIL)	5 anos A 5 anos B 4 anos A	2:30h	<b>PAIS:</b> beirarrúa Xesús Pousa - GRUPOS A: da cancela principal hacia o parque. - GRUPOS B: da cancela principal hacia á rotonda. Para evitar aglomeracións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Respectar a colocación de A e B.</li> <li>• Manter a distancia de seguridade.</li> <li>• Deixar a porta libre para o paso do alumnado.</li> <li>• Respectar a secuencia de saída.</li> <li>• Non permanecer na beirarrúa unha vez que saia o neno/a.</li> <li>• Autorizar a saída sós do alumnado de 5º e 6º sempre que sexa posible.</li> </ul>
	4 anos B 3 anos B 3 anos A	2:35h	
	4º A 4º B	3:00h	
2ª QUENDA (4º/5º/6º)	5º A 5º B	3:05h	
	6º A 6º B 6º C	3:10h	
	3º B 3º A	3:30h	
3ª QUENDA (1º/2º/3º)	2º B 2º A	3:35h	
	1º B 1º A CONCILIACIÓN E IRMÁNS	3:40h	

### PROBLEMAS DE CONCILIACIÓN:

1. Só será posible atender casos excepcionais que xustifiquen documentalmente a incompatibilidade horaria coa hora de recollida.
2. Recolleranse ao finalizar a quenda de saída que corresponda.





### **IRMÁNS CON DIFERENTE HORA DE SAÍDA:**

Sair por grupos de convivencia estables para garantir a estanqueidade dos mesmos é a razón sanitaria que nos obriga á recollida de cada quenda de seis aulas por separado.

As posibilidades de atención con garantía de estanqueidade, en canto a espazo e monitores correspondentes aos seis grupos de convivencia estables que configuran cada quenda, simultaneamente á atención de outros dous comedores, así como a organización da entrega sen que se mesture o alumnado pertencente a diferentes grupos, fan imposible ofrecer a posibilidade de recollida simultánea de todos os irmáns.

Por estos motivos, que se resumen en garantir a seguridade do alumnado co cumprimento das medidas preventivas de estanqueidade dos GCE, só se organizará a recollida simultánea dos irmáns que respondan aos seguintes casos:

- problemas de incompatibilidade horaria debidamente acreditados ou
- distancia ao centro do domicilio familiar, que obligue á espera no mesmo.

1. No caso de alumnos/as de 4º/5º/6º, que teñen que esperar por irmáns de 1º/2º/3º, poden:
  - a. Ser autorizados a sair sós (5º e 6º) e prégame que así o fagades ou
  - b. Esperar no seu posto no salón de actos ata a saída do pequeno.
2. No caso de alumnos de Infantil que teñan que esperar por irmáns maiores ou mediano, debe comunicarse e acreditarse na dirección do centro, de non telo feito xa, para poder organizar a saída.

### **VIXENCIA:**

Este borrador do protocolo de actuación está sometido a posibles cambios debidos a:

- cambios na situación epidemiolóxica,
- cambios na normativa aplicable da Consellería de Educación e da Consellería de Sanidade,
- revisións de mellora en función do funcionamento do mesmo e
- propostas e modificacións por parte do Consello Escolar do centro.

En Ourense, a 12 de xullo de 2021.

A Dirección

